

As sub-versións de Antonio Gamoneda

por MARÍA LOPO



Antonio Gamoneda e María Lopo na Fundación Granell de Santiago de Compostela

Traducido a máis dunha ducia de linguas, Antonio Gamoneda practica el mesmo a difícil e fecunda arte da tradución, experiencia que acompañou dende moi pronto a súa propia escritura poética. Ambas as dúas manteñen fondas conexións no universo do poeta e, de feito, a obra tradutora de Gamoneda incorporouse progresivamente ás edicións da súa obra poética; así, xa en *Esta luz. Poesía reunida* (2019) inclúese a totalidade das súas versións ata ese momento.

Gamoneda verteu ao castelán seis poemas de Nazim Hikmet (1961), sete de Georg Trakl (2003-2016), *Herodías* (1996) e *La sies-ta del fauno* (2012) de Stéphane Mallarmé (en colaboración con Amelia Gamoneda) e sete poemas de Herberto Helder (2016); neste último conxunto, o texto de “Israfel”, constitúe precisamente unha moi reveladora versión de versións. Completan o corpus tradutor gamonediano seis espirituais negros (1961), cinco cantos do monarca poeta chichimeca Nezahualcóyotl (2016) e diversos

textos de Dioscórides, Plinio o Vello e outros científicos e historiadores, da Antigüidade ao século XVI (1992-2016).

O propio autor expón con claridade as súas ideas sobre a práctica tradutora nos prólogos á obra poética, en ensaios e entrevistas. Gamoneda denomina «mudanzas» as súas versións en castelán de poemas escritos noutras linguas, termo que toma de Herberto Helder. Esta práctica da mudanza non presupón o coñecemento da lingua orixinal na que se escribiu o poema, e que no seu caso serían o turco, o alemán, o francés, o portugués, o inglés, o náhuatl, o grego e mais o latín; o que si supón é unha comprensión profunda do feito poético actualizado neses textos orixinais. Estamos pois ante unha lectura máis poética que filolóxica, na que subxace un movemento non de traslado senón de apropiación dunha materia poética preexistente coa que o autor da mudanza elabora un poema «outro» na nova lingua, poema que non obstante non podería existir sen o primeiro. Así, a relación cos

textos traducidos só pode ser dunha grande intensidade, orixinada por unha afinidade, admiración ou empatía que ten orixes moi diversas (rítmicas, ideolóxicas, significantes), mais que parte sempre dunha emoción ou pulo creativos da orde do sensible; neste proceso cobran unha significativa importancia as traducións que serven de mediadoras. As mudanzas de Gamoneda non exerceron tan só unha influencia decisiva na escritura da súa obra poética, tal e como reconece o mesmo autor, por exemplo no caso das versións de Hikmet e dos espirituais en *Blues castellano* (1961–1966), poemario prohibido pola censura e publicado en 1982. Alén destas canles ou pasarelas, o autor tamén se interroga sobre o propio status das súas mudanzas, como no caso emblemático do *Libro de los venenos* (1993–1995), creación sobre *De materia médica* de Dioscórides e a súa tradución castelá por Andrés Laguna no século XVI. En definitiva, asume que o proceso creativo de reescritura, característico da súa poesía, non é en realidade diferente ao das súas mudanzas, con independencia de si o texto de partida é propio ou alleo; de feito, ao igual que ocorre cos seus poemas, revisou e modificou as sucesivas edicións das súas mudanzas. A liberdade do Gamoneda tradutor transmite unha grande alegría e forza creativas; o xogo e o humor afloran nesta «sub-versión», onde cabe a mudanza de mudanzas e mesmo cabería, por que non, a mudanza dun orixinal inexistente.

Neste corpus ocupan un lugar especial as dúas traducións de Mallarmé -outro poeta

tradutor- realizadas en colaboración con Amelia Gamoneda por ser, en palabras do poeta, máis versións que mudanzas, aínda reivindicando nelas a equivalencia fronte á literalidade e o pracer da palabra poética fronte ao maxisterio da rima e da sintaxe.

Bibliografía

- Breyse-Chanet, Laurence (2009), «Las “cacerías secretas” de una reescritura musical. Sobre dos “mudanzas” de Trakl en *Esta luz. Poesía reunida* (1947-2004) de Antonio Gamoneda», *Bulletin Hispanique* 111:1, 195-217. <<http://journals.openedition.org/bulletinhispanique/933>>
- Gamoneda, Antonio (1997), «Sobre Nazim Hikmet, los negro spirituals y mi *Blues castellano*» en A. Gamoneda, *El cuerpo de los símbolos*, Madrid, Huerfano y Fierro, 81-98.
- Gamoneda, Antonio (2016), «Confidencias y avisos» en A. Gamoneda, *La prisión transparente*, Madrid, Vaso Roto, 9-14.
- Gamoneda, Antonio (2019), «Avisos y explicaciones» y «Aviso» en A. Gamoneda, *Esta luz. Poesía reunida* (1947–2019). Epílogos de M. Casado, Barcelona, Galaxia Gutenberg, 2 vols., vol. 1 (1947-2004): 9-19, vol. 2 (1995, 2005-2019): 7-10.
- Gamoneda, Antonio & Amelia (2006), «Avisos y preámbulos» en *Mallarmé, Herodías*, Madrid, Abada, 7-14 (1ª ed. 1996).
- Gamoneda, Antonio (2020), *La pobreza*, Barcelona, Galaxia Gutenberg, 116-117.
- García Jurado, Francisco (1997), «Antiguos textos de ciencia convertidos en poesía: Dioscórides y Andrés de Laguna en el *Libro de los venenos*, de Antonio Gamoneda», *Epos* 13, 379-395. <<http://revistas.uned.es/index.php/EPOS/article/view/10029>>

María Lopo e Antonio Gamoneda na exposición “Corpoética” de Claudio Rodríguez Fer

